



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@abana.dicoruna.es](mailto:correo@abana.dicoruna.es)  
[www.concellodabana.es](http://www.concellodabana.es)

### CERTIFICACIÓN

Ricardo Garrido Caneda, secretario interventor do Concello da Baña, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** o acordo da Xunta de Goberno Local con data do 6 de outubro de 2023 que deseguido transcribo:

#### **“4.1. Acordo lista provisional admitidos Bolsa traballo temporal AEDL 2023.**

**Expte. TEDEC: 2023/X999/000091 (Emprego).**

**Expte. TEDEC: 2023/G006/000152 (Proposta).**

**Expte. TEDEC: 2023/G007/000009 (Xunta de Goberno).**

Visto que o Concello da Baña conta cunha Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL) en réxime de persoal laboral fixo.

Visto que para a eficiente xestión dos recursos humanos do Concello, o Alcalde na súa calidade de xefe de persoal, opta por instar á conformación dunha bolsa de emprego para cubrir unha praza de persoal de AEDL do concello da Baña (A Coruña).

Visto que as tarefas desempeñadas pola AEDL resultan esenciais para o correcto funcionamento dos servizos públicos do Concello da Baña.

Vista a necesidade de dotar ó Concello da Baña de mecanismos de xestión de recursos humanos para solventar as ausencias prolongadas do seu persoal ó non dispor este Concello de persoal que poida atenuar as posibles baixas, permisos, etc. do persoal ó servizo do mesmo.

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno de data 1 de setembro de 2023 se aprobaron as bases e convocatoria do proceso selectivo para a conformación dunha bolsa de emprego para cubrir unha praza de educadora familiar do Concello da Baña (A Coruña).

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal da transparencia deste Concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 7 de setembro de 2023 (BOP núm. 171), iniciándose un prazo de dez días naturais para a presentación de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Visto que examinadas as solicitudes presentadas e conforme aos puntos dous, tres e catro das referidas bases, achegáronse solicitudes pendentes de documentación esixida, tal e como se reflicte na seguinte táboa:



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@abana.dicoruna.es](mailto:correo@abana.dicoruna.es)  
[www.concellodabana.es](http://www.concellodabana.es)

	Solicitante	Rexistro entrada	DNI	Título académico requerido	Celga 4 ou equivalente
1	MEMP DNI:****911**	202399900000722 19/09/2023	SI	SI	SI
2	SFR DNI:****828**	202399900000712 16/09/2023	SI	SI	SI
3	MLCG DNI:****051 **	202399900000716 17/09/2023	SI	SI	SI
4	EFF DNI:****073**	202399900000734 20/09/2023	SI	SI	SI
5	MJFV DNI:****778**	202300000001286 19/09/2023	SI	SI	SI

Visto que segundo a base número 4 das bases reguladoras da convocatoria da bolsa de emprego para cubrir unha praza de persoal de traballadora social do concello da Baña (A Coruña), expirado o prazo de presentación de instancias ó que se refire o punto anterior, dítase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e as causas de exclusión. Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal así como no portal de transparencia do concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): [https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal\\_transparencia/](https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/).

Visto que os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, nos que poderán corrixir os defectos ós que se alude no referido artigo, e formular as reclamacións á lista provisional. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no prazo indicado, decaerá o seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Visto que se non se presentasen reclamacións á lista provisional, considerarase esta definitiva.

Visto que no suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do Tribunal e a data, lugar e hora de realización da fase de oposición. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no portal de transparencia do concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): [https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal\\_transparencia/](https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/)

Examinada a documentación, a Xunta de Goberno Local en virtude da competencia que lle ten sido delegada mediante resolución de Alcaldía con número de Decreto 410/2023, de 19 de xullo de 2023, por unanimidade dos asistentes, acorda:



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@abana.dicoruna.es](mailto:correo@abana.dicoruna.es)  
[www.concellodabana.es](http://www.concellodabana.es)

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista provisional dos aspirantes admitidos, constatando a inexistencia de aspirantes excluídos:

	Solicitante	Rexistro entrada	DNI	Título académico requirido	Celga 4 ou equivalente
1	MEMP DNI:****911**	202399900000722 19/09/2023	SI	SI	SI
2	SFR DNI:****828**	202399900000712 16/09/2023	SI	SI	SI
3	MLCG DNI:****051 **	202399900000716 17/09/2023	SI	SI	SI
4	EFF DNI:****073**	202399900000734 20/09/2023	SI	SI	SI
5	MJFV DNI:****778**	202300000001286 19/09/2023	SI	SI	SI

**SEGUNDO.-** Publicar as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as no Taboleiro de Anuncios do concello e na páxina web municipal e no portal de transparencia do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): [https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal\\_transparencia/](https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/)

**TERCEIRO.-** Outorgarlle ós interesados un prazo de dez días, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, no que poderán corrixir posibles defectos existentes. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no prazo indicado, decaerá o seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

**CUARTO.** - Se lle dea traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a súa notificación ós terceiros interesados que obren no expediente.”

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

A Baña data da sinatura dixital

O secretario interventor, Ricardo Garrido Caneda

O alcalde, José Antonio Pereira Gil